

A rosa de Rosalía

Publicado o 2012/02/19



Gabriel Beceiro

Pensar nela coas palabras de Gertrude Stein *“A rose is a rose is a rose”*. O seu nome é flor. Pensar nela, na poeta nacional, na nosa flor, é mesmo unha tautoloxía, un teimar no principio de identidade que nos diferencia. É lembrarnos a nós mesmos que o que somos é en grande parte unha viaxe que comezou co *big-bang* de Cantares e a constelación Follas Novas: *En todo estás e ti es todo*. Os galegos cando non sabemos que dicir nin que facer deberíamos pensar nela, é o noso recurso máis valioso porque custodia a palabra do que somos.

A vida dá moitas voltas, mudan o tempos, mais unha rosa é unha rosa. Nos poemas de Rosalía non se evoca un ideal nunca acadado, mais da súa obra abrolla o deber de custodialo e de lembrarllo aos que hoxe teiman en substituír as vellas palabras da tribu con cifras calculadas de poder que todo o reduce a ruínas e que só acaban por mostrar o seu baleiro imperialista, conquistador e destructor: o idioma de Rosalía non cabe en ningunha Cidade da Cultura, en ningún crematorio.

Para qué os poetas en tempos de penuria? Iaiábase de saudade o Hölderlin, grande valedor do que perdura. Para deslindar ese tempo de vida estreitamente limitado polas cousas. Deberíamos pensar máis nela, na flor, en Rosalía de Castro. Nun mundo en disección e que xa non nos pertence, no que o idioma desangra e con ele a a demografía e a paisaxe toda, convén devolver ao medio de onde xurdiu coma un trebón a súa voz.

A Asociación de escritores en lingua galega ven de propor o 24 de febreiro como día de lectura pública da obra de Rosalía de Castro. Sorprendeume, non contabamos con esta convocatoria imprevisíbel agora que andamos noutras cousas máis cínicas e calculadas. No entanto, feita a convocatoria, un decátase do moito que precisamos lermos a Rosalía, encetarmos unha nova lectura, devolver ás rúas e prazas as súas palabras coma aves migratorias de regreso.

O 24 penso pensar nela... Rosalía é Rosalía é Rosalía

PD. Feliz emulación do Sant Jordi convidarnos a agasallar un libro en galego e unha flor. Os Produtores de Plantas Vivas e Produtos da Floricultura ficarán moi agradecidos. Os actos confirmados até o momento pódense consultar na páxina da

[AELG](http://www.aelg.org)